

## Informe

---

# Bases e requisitos para as mobilidades Erasmus+ 2024/2025





## Índice

---

<b>Requisitos mobilidades Erasmus+ - Curso 2024-25.....</b>	<b>3</b>
Mobilidades entrantes .....	3
Mobilidade saínte (alumnado) – Modalidades SMS, SMP, BIP, etc. ....	3
1. Modalidades SMS (Estudos longa duración) e BIP/BSM (Estudos curta duración) .....	4
2. Modalidade SMP (Prácticas) .....	4
Mobilidade saínte (profesorado) – Todas as modalidades.....	4
Modalidade STA (Impartir docencia) .....	5
Modalidade STT (Recibir formación).....	6





## Requisitos mobilidades Erasmus+ - Curso 2024-25

1. **Período de realización:** Curso académico 2024-25 (segundo se indica para cada convocatoria).

2. **Acordos Interinstitucionais:**

▪ Os proxectos de colaboración (in/out) poderán realizarse coas institucións que figuran no arquivo adxunto. O número de convenios bilaterais ampliouse en relación aos existentes no ano anterior e poderán ser ampliados no momento da convocatoria.

### Mobilidades entrantes

1. **As propostas recibidas deberán ser presentadas pola oficina internacional das institucións de envío e remitiranse aos departamentos correspondentes para a súa aprobación.**

2. As propostas que inclúan a realización dun **recital** serán trasladadas á **Vicedirección**, quen determinará se é posible ou non a súa organización. As propostas recibidas antes do **15 de novembro** poderán ser tidas en conta para o Ciclo **“Son Erasmus”** do **“Festival Nas Ondas”**.

3. **Período:** A docencia entrante poderá organizarse dende mediados de outubro a finais de abril (agás en períodos de exames)

4. **Formato:**

Dado o crecente número de propostas docentes entrantes recibidas e que a formación impartida polo profesorado entrante forma parte da oferta docente do CSMVigo, para potenciar o impacto destas colaboracións docentes, a docencia entrante deberá de responder ao formato **MASTERCLASS** aberta ao público, facilitando prioritariamente a asistencia ao alumnado da especialidade correspondente. Para iso, os departamentos deberán coordinar coa Vicedirección e/ou Xefatura de Estudos os espazos e tempos nos que realizar as actividades admitidas.

### Mobilidade saínte (alumnado) – Modalidades SMS, SMP, BIP, etc.

1. **PERÍODO DE REALIZACIÓN:** Curso académico 2024-25 (segundo o calendario proposto pola institución de acollida).

A mobilidade de curta duración non poderá realizarse en períodos de exames, salvo autorización expresa da Xefatura de Estudos e/ou Dirección.

2. **ACREDITACIÓN DA COMPETENCIA LINGÜÍSTICA:** Os participantes deberán acreditar a súa **competencia lingüística** no nivel **B1 (ou superior) en inglés ou na lingua do país de destino onde se vaia realizar a colaboración**. Esta acreditación deberá obterse ben no momento da convocatoria ou como moi tarde o 15 de xuño do ano en curso (antes do inicio da mobilidade). Quen aínda non dispoña da correspondente acreditación deberá obtela en calquera das probas organizadas pola EOI ou no CAFI ou similar, **xa que non se poderá subvencionar ningún/ha participante que non obtivese a correspondente acreditación**





## 1. Modalidades SMS (Estudios longa duración) e BIP/BSM (Estudios curta duración)

Ademais da citada acreditación lingüística, os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

- 1.1 - Estar matriculado no CSMVigo no curso no que se realice a mobilidade.
- 1.2 - Ter unha media académica igual ou superior a 7 puntos no momento da convocatoria ou antes de iniciar a mobilidade.
- 1.3 - Ter certificado de sinatura dixital ou DNI electrónico e estar empadroadado en *Chave365*.
- 1.4 - Ter a Tarxeta Sanitaria vixente ata unha data posterior á finalización da mobilidade.
- 1.5 - Se o participante é de nacionalidade distinta á española, deberá ter un NIE ou TIE e unha conta bancaria en España.

## 2. Modalidade SMP (Prácticas)

- 2.1 - Estar matriculado no CSMVigo no curso no que solicite mobilidade.
- 2.2 - Ter unha media académica igual ou superior a 7 puntos no momento da convocatoria ou antes de iniciar a mobilidade.
- 2.3 - Dispor de certificado de sinatura dixital ou DNI electrónico e estar empadroadado en *Chave365*.
- 2.4 - Ter a Tarxeta Sanitaria vixente ata unha data posterior á finalización da mobilidade.
- 2.5 - Se o participante é de nacionalidade distinta da española, deberá ter un NIE ou TIE e unha conta bancaria en España.

## Mobilidade saínte (profesorado) – Todas as modalidades

1. **TIPOS DE CONVOCATORIAS:** Ao longo do curso realizaranse distintas convocatorias específicas con diferentes finalidades: propostas individuais, propostas grupais con carácter institucional e propostas formativas.
2. **PRIORIDADES:** As propostas de colaboración de carácter institucional (BIP/BSM, Asociacións Estratéxicas, Xornadas de Música Española, etc.) terán prioridade sobre as propostas individuais. As propostas de mobilidade grupal poderán presentarse nas convocatorias específicas que se convoquen.
3. **PERÍODO DE REALIZACIÓN:** Curso académico 2024-25 (segundo o especificado en cada convocatoria)
4. **ACREDITACIÓN DA COMPETENCIA LINGÜÍSTICA:** Os participantes en calquera modalidade, deberán dispoñer no momento da convocatoria dunha acreditación da súa competencia lingüística de nivel B2 (ou superior) en inglés ou do idioma do país de destino onde se vai a realizar a colaboración. Quen non dispoña da acreditación correspondente, poderá obtela en calquera das probas organizadas polas EOI ou no CAFI, ou similares.





## Modalidade STA (Impartir docencia)

**Período de realización:** Poderán realizarse, sempre previa autorización da Xefatura de Estudos, entre mediados de outubro de 2024 e finais de abril de 2025. Non se poderán realizar mobilidades docentes individuais en período de exames, salvo autorización expresa da Xefatura de Estudos e/ou Dirección.

### A – Requisitos básicos no momento da solicitude\*:

A.1 - Pertencer ao profesorado do CSMVigo e estar en servizo activo.

A.2 - Ter unha acreditación lingüística de nivel B2 en inglés ou na lingua do país onde se desenvolve a actividade.

A.3 - Dispoñer dunha **Carta de Invitación\***, con indicación do período no que se desenvolverá a docencia.

*As oficinas internacionais non tramitan invitacións sen a solicitude do profesorado do departamento que acolle a actividade. Os interesados en impartir docencia nunha institución asociada deberán poñerse en contacto co profesorado da súa especialidade na institución de acollida, quen solicitarán na súa oficina a tramitación da correspondente invitación.*

A.4 - CV actualizado en inglés.

### B – Unha vez elixidas as propostas para ser financiadas, tramitaranse os seguintes documentos:

B.1 – Acordo de Mobilidade segundo o modelo facilitado polo CSMVigo.

B.2 – Solicitude de permiso visada pola Xefatura de Estudos e asinada pola dirección.

B.3 – Convenio de subvención asinado dixitalmente.

### Para a realización dos documentos anteriores, será necesario dispoñer dos seguintes documentos:

#### A- Acordo de Mobilidade:

A1.1 - Plan Docente específico (*Working Plan*) que faga constar os horarios da docencia e actividades a desenvolver durante a mobilidade, cando menos un mes antes da mobilidade.

A1.2 - Foto tipo DNI ou artística.

#### B- Convenio de subvención:

B.2.1 - Tarxeta Sanitaria Europea con validez ata unha data posterior á finalización da mobilidade.

B.2.2 - Seguro específico de Responsabilidade civil por un mínimo de 30.000€ e Repatriación (sen límite de gastos)

B.2.3 - Dispoñer de Certificado Dixital ou DNI electrónico para a sinatura dos convenios de financiación.

#### C- Despois da mobilidade: Cuestionario EU Survey.

Cada mobilidade será prefinanciada co 75% do importe correspondente. Ao finalizar a mobilidade, para proceder ao pago da 2ª cota da mobilidade (25% restante), será necesario enviar o PDF do cuestionario que envía automaticamente a plataforma de mobilidades do programa Erasmus+.





## Modalidade STT (Recibir formación)

En función dos fondos dispoñibles, o CSMVigo ofrecerá oportunidades para participar en actividades formativas organizadas en institucións sociais, que se correspondan coa actual estratexia de internacionalización e as prioridades da Unión Europea.

**Período de realización:** Segundo período convocado para cada proposta.

### A-Requisitos básicos no momento da solicitude:

- A.1 – Pertencer a plantilla do CSMVigo e estar en servizo activo.
- A.2 – Dispoñer da acreditación lingüística nivel B2 en inglés ou no idioma do país onde se realiza a actividade.
- A.3 – Foto tipo DNI ou artística.

### B- Unha vez escollidas as proposicións para financiar, tramitaranse os seguintes documentos:

- B.1 – Convenio de Mobilidade segundo o modelo facilitado pola CSMVigo.
- B.2 – Solicitude de permiso visada pola Xefatura de Estudos e asinada pola dirección.
- B.3 – Convenio de subvención asinado dixitalmente. Para a realización destes documentos será necesario dispoñer da seguinte documentación:

#### Acordo de Mobilidade:

- B1.1 – Cando menos, un mes antes da mobilidade, disporase del Plan de Formación específico (Training Plan) que faga constar os horarios da formación e as actividades a desenvolver durante a mobilidade.
- B1.2 – Foto tipo DNI ou artística.

#### Convenio de subvención:

- B.1.1 - Tarxeta Sanitaria Europea con validez ata unha data posterior á finalización da mobilidade.
- B.1.2 - Seguro específico de Responsabilidade civil por un mínimo de 30.000€ e Repatriación (sen límite de custes)
- B.1.3 - Dispoñer de Certificado Dixital ou DNI electrónico para a sinatura dos convenios de financiación.

#### C – Despois da mobilidade: Cuestionario EU Survey.

Cada mobilidade será prefinanciada co 75% do importe correspondente. Ao finalizar a mobilidade, para proceder ao pago da 2ª cota da mobilidade (25% restante), será necesario enviar o PDF do cuestionario que envía automaticamente a plataforma de mobilidades do programa Erasmus+.

**\*As mobilidades deberán de facerse efectivas no curso académico para o que foron convocadas e concedidas. Os/as participantes que non as fagan efectivas no período indicado, decaerán no seu dereito de realizar a mobilidade con posterioridade.**



PAIS	CIUDAD	INSTITUCIÓN
ALEMANIA	BREMEN	HOCHSCHULE FÜR KÜNSTE BREMEN
ALEMANIA	DETMOLD	HOCHSCHULE FÜR MUSIK DETMOLD
ALEMANIA	HANNOVER	HOCHSCHULE FÜR MUSIK THEATER UND MEDIEN HANNOVER
ALEMANIA	LÜBECK	MUSIKHOCHSCHULE LÜBECK
ALEMANIA	MAINZ	JOHANNES GUTENBERG-UNIVERSITÄT MAINZ
ALEMANIA	ROSTOCK	HOCHSCHULE FÜR MUSIK UND THEATER ROSTOCK
ALEMANIA	TRÖSSINGEN	STAATLICHE HOCHSCHULE FÜR MUSIK TRÖSSINGEN
ALEMANIA	WEIMAR	HOCHSCHULE FÜR MUSIK "FRANZ LISZT" WEIMAR
AUSTRIA	GRAZ*	UNIVERSITÄT FÜR MUSIK UND DARSTELLEND KUNST GRAZ
AUSTRIA	SALZBURGO	MOZARTEUM UNIVERSITÄT
BÉLGICA	ANTWERPEN*	KONINKLIJK CONSERVATORIUM ANTWERPEN (ARTESIS HOGESCHOOL)
BÉLGICA	GANTE*	HOGESCHOOL GENT
BÉLGICA	LIEJA	CONSERVATOIRE ROYAL DE LIÈGE
CROACIA	ZAGREB	UNIVERSITY OF ZAGREB, MUSIC ACADEMY
ESLOVAQUIA	BRATISLAVA	ACADEMY OF PERFORMING ARTS / Vysoka Skola Muzických Umeni
ESLOVENIA	MARIBOR	UNIVERSITY OF MARIBOR
ESTONIA	TALLIN*	ESTONIAN ACADEMY OF MUSIC AND THEATRE
ESTONIA	VILJANDI	UNIVERSITY OF TARTU - CULTURE ACADEMY - VILJANDI
FRANCIA	LYON	CONSERVATOIRE NATIONAL SUPERIEUR DE MUSIQUE ET DE DANSE DE LYON
FRANCIA	POITIERS	PÔLE ALIENOR
GRECIA	TESALÓNICA*	UNIVERSITY OF MACEDONIA
GRECIA	IOANNINA	UNIVERSITY OF IOANNINA
HUNGRÍA	BUDAPEST	ACADEMY OF MUSIC "FRANZ LISZT"
HUNGRÍA	MISKOLC	UNIVERSITY OF MISKOLC, BELA BARTOK MUSIC ACADEMY
HUNGRÍA	SZEGED	UNIVERSITY OF SZEGED, BELA BARTOK FACULTY OF ARTS
ITALIA	BARI	CONSERVATORIO DI MUSICA "NICCOLÒ PICCINI" DI BARI
ITALIA	BRESCIA	CONSERVATORIO DI MUSICA "L. MARENZIO"
ITALIA	CAMPOBASSO	CONSERVATORIO DI MUSICA "L. PEROSI"
ITALIA	CREMONA	ISTITUTO SUPERIORE DI STUDI MUSICALI "M. MONTEVERDI"
ITALIA	CUNEO	CONSERVATORIO "G.F. GHEDINI" DI CUNEO
ITALIA	FERRARA	CONSERVATORIO "G. FRESCOBALDI" DI FERRARA
ITALIA	FIRENZE	CONSERVATORIO DI MUSICA "L. CHERUBINI"
ITALIA	FOGGIA	CONSERVATORIO "U. GIORDANO"
ITALIA	GALLARATE	ISTITUTO SUPERIORE DI STUDI MUSICALI "G. PUCCINI"
ITALIA	LA SPEZIA	CONSERVATORIO DI MUSICA "G. PUCCINI"
ITALIA	LIVORNO	ISTITUTO SUPERIORE DI STUDI MUSICALI "M. MASCAGNI"
ITALIA	MANTUA*	CONSERVATORIO DI MUSICA "L. CAMPIANI"
ITALIA	MESSINA	CONSERVATORIO STATALE DI MUSICA "A. CORELLI"
ITALIA	MILAN*	CONSERVATORIO DI MUSICA "G. VERDI"
ITALIA	MILAN*	SCUOLA CIVICA CLAUDIO ABBADO
ITALIA	MONOPOLI	CONSERVATORIO DI MUSICA "NINO ROTA"
ITALIA	PADUA	CONSERVATORIO STATALE DI MUSICA "C. POLLINI"
ITALIA	PALERMO	CONSERVATORIO STATALE DI MUSICA "V. BELLINI"
ITALIA	PARMA*	CONSERVATORIO DI MUSICA "A. BOITO"
ITALIA	PAVIA	ISTITUTO SUPERIORE DI STUDI MUSICALI "F. VITTADINI"
ITALIA	PIACENZA	CONSERVATORIO DI MUSICA "G. NICOLINI"
ITALIA	POTENZA	CONSERVATORIO DI MUSICA "CARLO GESUALDO DA VENOSA" DI POTENZA
ITALIA	ROMA*	CONSERVATORIO DI MUSICA "SANTA CECILIA"
ITALIA	ROVIGO	CONSERVATORIO DI MUSICA "FRANCESCO VENEZZE"
ITALIA	TRAPANI	CONSERVATORIO DI MUSICA "A. SCONTRINO"
ITALIA	TRENTO*	CONSERVATORIO STATALE DI MUSICA "F.A. BONPORTI"
ITALIA	SIENA	CONSERVATORIO DI MUSICA "RINALDO FRANCI" DI SIENA
ITALIA	VENECIA	CONSERVATORIO DI MUSICA "BENEDETTO MARCELLO"
ITALIA	VERONA*	CONSERVATORIO STATALE DI MUSICA "E. F. DALL'ABACO"
ITALIA	VIBO VALENTIA	CONSERVATORIO DI MUSICA "F. TORREFRANCA"
LITUANIA	VILNIUS*	LITHUANIAN ACADEMY OF MUSIC AND THEATRE
PAISES BAJOS	AMSTERDAM*	CONSERVATORIUM VAN AMSTERDAM
PAISES BAJOS	LA HAYA*	KONINKLIJK CONSERVATORIUM DEN HAAG
PAISES BAJOS	MAASTRICHT	CONSERVATORIUM VAN MAASTRICHT
PAISES BAJOS	ROTTERDAM	CONSERVATORIUM VAN ROTTERDAM
PAISES BAJOS	TILBURG	FONTYS UNIVERSITY - SCHOOL OF FINE AND PERFORMING ARTS
NORUEGA	RAULAND	SOUTH EAST UNIVERSITY OF NORWAY
POLONIA	CRACOVIA	ACADEMY OF MUSIC "KRZYSZTOF PENDERECKI" in KRAKOW
POLONIA	GDANSK	ACADEMY OF MUSIC "S. MONIUSZKI"
POLONIA	POZNAN	ACADEMY OF MUSIC I.J. PADEREWSKI
PORTUGAL	AVEIRO*	UNIVERSIDADE DE AVEIRO
PORTUGAL	BRAGA*	UNIVERSIDADE DO MINHO
PORTUGAL	PORTO	ESMAE (POLITÉCNICO DO PORTO)
RUMANIA	CLUJ NAPOCA	ACADEMY OF MUSIC "GHEORGE DIMA"
SERBIA	BELGRADO	UNIVERSITY OF ARTS IN BELGRADE
SERBIA	NIS	UNIVERSITY OF ARTS IN NIS
SERBIA	NOVI SAD	UNIVERSITY OF ARTS IN NOVI SAD
TURQUÍA	ANKARA	BILKENT UNIVERSITY - FACULTY OF MUSIC AND PERFORMING ARTS
TURQUÍA	ANKARA	ANKARA MUSIC AND FINE ARTS UNIVERSITY
TURQUÍA	ESMIRNA	DOKUZ EYLUL UNIVERSITY - STATE CONSERVATORY
TURQUÍA	ESMIRNA	YASAR UNIVERSITY - MUSIC DEPARTMENT
TURQUÍA	ESTAMBUL	YILDIZ TECHNICAL UNIVERSITY ART & DESIGN FACULTY
TURQUÍA	MERSIN	MERSIN UNIVERSITY

